
CCOO insta as administracións locais e autonómica a que acorden en diálogo social medidas de choque polo emprego

Desde a Federación de Servizos, que engloba os sectores de hostalaría e comercio, especialmente afectados pola pandemia, propomos que todas as Administracións poñan en marcha medidas para soste o emprego e o tecido produtivo, e reclamámoslle tamén ao Goberno de España melloras na coordinación.

CCOO expón unhas liñas de proposta para debater desde a Administración pública, tanto nos marcos de diálogo social autonómico, como desde a Administración local, con fin de evitar que se siga destruindo emprego e tecido produtivo.

Para o sindicato é unha prioridade absoluta evitar que se perda tecido empresarial, polo que se propón apostar por mecanismos de financiamento, axudas, moratorias e liquidez, que permitan o sostemento das empresas, maioritariamente de autónomos e pemes, pero en termos recíprocos: as empresas deben comprometerse a soste o emprego.

CCOO considera que estas axudas deben estar equilibradas, é dicir, que existan axudas directas tanto para empresas como para os sectores e as persoas traballadoras. As propostas de CCOO artículanse nos distintos niveis de actuación: laboral, seguridade sanitaria, fiscal e institucional. Entre elas, destacamos:

- Axudas para a contratación de persoas que quedaron no paro por mor da COVID-19.
- Promover medidas de mediación para renegociar temporalmente o prezo do alugueiro cos propietarios dos inmobles.
- Subvencións para a modernización e dixitalización.
- Axudas a empresas de sectores relacionados co turismo e a súa actividade.
- Mecanismos para adiar o pagamento de débedas tributarias de pemes e autónomos, así como adiamento temporal, reducións ou eliminación temporal dos pagamentos dos impostos locais.
- Axilizar a liquidación de axudas económicas ás pemes e autónomos.
- Programas para fomentar o consumo na hostalaría e o comercio local.

Entendemos que estas axudas deben ir ligadas a unha serie de requisitos por parte das empresas:

- Que non foran sancionadas pola inspección de traballo (fraude ERTE).
- Que estean ao día no pagamento de nóminas, obrigas con Facenda e Seguridade Social.
- Que teñan plans e medidas de seguridade na empresa e favorezan a igualdade, a conciliación e non discriminación por razón de sexo, amais dun compromiso co medioambiente e a saúde pública.